



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es

**SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DA XERENCIA DO GRUPO DE ACCIÓN
COSTEIRA (GAC) Nº2
GOLFO ÁRTABRO**

PRAZA QUE SE CONVOCA: XERENTE

As bases do proceso de selección estarán dispostas no Blog <http://gacgolfoartabro.blogspot.com>, www.accioncosteira.es e fixaranse todos os taboleiros de anuncios dos Concellos do territorio do GAC “Golfo Ártabro”.

No prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio nun diario os/as candidatos/as deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Presidente do Grupo de Acción Costeira Nº2 Golfo Ártabro no rexistro da Asociación GAC Golfo Ártabro (de 9 a 14 horas, de luns a venres), sito na Avda. do Porto, s/n 3ª planta (Casa do Mar), 15160, Sada; segundo modelo anexo ás Bases da convocatoria, a fotocopia do DNI e a xustificación documental dos requisitos e méritos alegados cotexados, así como a memoria a defender na fase de entrevista.

**BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DA XERENCIA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA(GAC)
Nº2 GOLFO ÁRTABRO**

Preámbulo

A sinatura do *Convenio de Colaboración coa Consellería do Mar para a aplicación do Plan Estratégico Zonal no marco do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca* impón determinadas normas sobre a celebración do proceso selectivo de xerente que se terán en conta para a elaboración das seguintes bases.

Primeira.- Obxecto.

É obxecto destas bases regular o proceso selectivo para a contratación laboral da Xerencia para a xestión do Plan Estratégico Zonal do Grupo de Acción Costeira Nº2 Golfo Ártabro dentro do marco do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca.

Segunda.- Prazas que se convocan.

A praza que se convoca é:

- 1 Xerente

Son funcións esenciais da Xerencia en base ao PEZ as que a continuación se sinalan:

- Diseñar procedementos de control e seguimento da execución do Plan Estratégico.
- Impulsar e difundir as actuacións do PEZ.
- Coordinar as accións de dinamización e sensibilización para a presentación de proxectos por promotores.
- Atender e asesorar ao público: promotores, particulares e outros.
- Informar os beneficiarios das obrigas derivadas da subvención.
- Apoio e orientación a promotores para a presentación de proxectos
- Tramitar con dilixencia os expedientes.
- Informe e baremación técnica das propostas recibidas.
- Seguimento e control dos proxectos aprobados polo Grupo.
- Propoñer actuacións ou a realización de estudos e informes aos órganos directivos do GAC.
- Procurar a coordinación do PEZ con outras actuacións que poidan levarse a cabo na zona.
- Promover ou participar en proxectos de cooperación interterritorial.
- Velar polo cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal;

- Utilización da aplicación informática de xestión que subministre ao GAC a Consellería do Mar e polo rexistro de entrada e saída de documentos, en especial os vinculados á execución do PEZ.
- Colaborar coa futura rede galega de GAC.
- Velar polo cumprimento das obrigas de información relevante que ten o GAC relacionadas na cláusula 5.2. do Convenio de Colaboración de data 11 de agosto de 2009 asinado coa Consellería do Mar e, en especial, polos contidos da páxina web do propio GAC.
- Elaborar semestralmente os informes de seguimento a rendir á Consellería do Mar a que fan referencia as cláusulas 20.3 y 3 do dito Convenio. Igualmente colaborará coa Tesoureira para a emisión dos informes trimestrais de subvencións esixidos na cláusula 21.d) do mesmo.
- Calquera outra que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia requira ao GAC en relación cos obxectivos da Asociación e non correspondan á Secretaría e/ou á Tesourería da Asociación.
- Coordinación e apoio administrativo á Secretaría e/ou Tesourería da Asociación na execucións das súas respectivas competencias e obrigacións, tanto das estatutarias como das derivadas do Convenio e da lexislación laboral e tributaria.

Terceira.-Tipo de contrato e duración.

A contratación laboral farase baixo a modalidade “de obra ou servizo determinado” para “Xestión do Plan Estratéxico Zonal do Grupo de Acción Costeira Nº2 Golfo Ártabro dentro do marco do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca ata o 31 de decembro de 2013.”

Cuarta.-Retribucións.

A retribución bruta a percibir será 35.000 *euros de salario bruto anual*.

O convenio aplicable será o de oficinas e despachos.

Horario e lugar de traballo: 40 horas semanais. Sada.

Quinta.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para ser admitidos/as no proceso de selección os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser español/a ou cidadán/á de calquera dos Estados membros da Unión Europea
- Ter cumpridos 18 anos de idade

- Ter o título de Licenciado en Economía, Socioloxía ou Enxeñería Superior.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto para o que se contrate
- Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Carné de conducir tipo B1.
- Disponibilidade de vehículo propio.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes/as no momento da sinatura do contrato e mantelos durante a vixencia do mesmo.

Sexta.- Proceso de selección.

O procedemento selectivo constará das seguintes partes:

FASE I Concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases. A puntuación máxima será de 25 puntos.

FASE II Proba escrita: Realizarase un test de 30 preguntas de catros opcións e unha válida. Cunha puntuación máxima de 30 puntos, cada 3 respostas non validas restará un 1 punto.

FASE III Entrevista persoal: Os/as candidatos/as ó posto de xerencia, deberan presentar unha proposta por escrito no momento da solicitude da proposta de plan de actuacións da xerencia no territorio do GAC que deberá conter como mínimo os contidos do párrafo seguinte, e terá unha duración máxima de 15 minutos e ó remate da mesma a mesa poderá solicitar aclaracións que permitan avaliar ó seu coñecemento do territorio e do Plan Estratéxico zonal do Grupo de Acción Costeira N°2 - Golfo Ártabro, así como da normativa sectorial do temario.

A puntuación máxima deste apartado será de 25 puntos.

Contidos mínimos da memoria:

- Organización interna das tarefas da xerencia.
- Implantación da Estratexia do GAC “Golfo Ártabro”.
- Introducción dos eixes transversais da Estratexia.
- Implantación eixe de cooperación.
- Estratexia valorización actividades pesqueiras e marisqueiras.

Sétima- Presentación de solicitudes e procedemento de selección

As solicitudes serán presentadas no prazo de 15 días hábiles a contar dende a última publicación do anuncio de contratación na prensa. (tamén a título informativo publicaranse na páxina web dos Grupos de Acción Costeira da Consellería do Mar, nos taboleiro de anuncios da sede do GAC, taboleiro de anuncios dos concellos que forman parte do GAC).

Os/as candidatos/as deberán presentar a instancia dirixida ao Sr. Presidente da GAC no Rexistro da Confraría de Pescadores de Sada xunto coa fotocopia do DNI e a xustificación documental dos requisitos e méritos alegados cotexada, así como a Memoria a defender na fase de entrevista.

Finalizado o prazo de presentación das instancias, a Comisión de Selección aprobará a lista de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, que se fixará no taboleiro de anuncios dos Concellos do GAC N°2 Golfo Ártabro, no blogg do Golfo Ártabro (<http://gacgolfoartabro.blogspot.com>) e na páxina de Acción Costeira (www.accioncosteira.es), concedéndose un prazo mínimo de tres días hábiles para reclamacións ou corrección de erros.

Unha vez aprobada a lista definitiva de admitidos/as e a valoración dos méritos alegados, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes, e no blogg e paxina web anteriormente mencionados.

Superada a fase de concurso, os/as aspirantes serán convocados/as, para a realización da proba escrita e como moi pronto 24 horas despois poderán

ser convocados á entrevista persoal, mediante chamada telefónica no que se indicará a data e lugar de celebración.

A Comisión reunirase para corrección dos tests e para a realización e valoración da entrevista persoal dos/as candidatos/as, publicándose nos taboleiros de anuncios as puntuacións finais obtidas polos/as aspirantes.

No caso de empate na puntuación final terá preferencia o/a candidato/a de maior puntuación na Fase III, e logo na Fase II.

A Comisión formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir. As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda, ordenada segundo a puntuación obtida, de xeito que, se o GAC o precisara, puideran ser contratadas sen ter que realizar un novo proceso de selección.

Oitava.- Comisión de selección.

O proceso de selección do persoal levarase a cabo a través dunha Comisión específica composta por 4 membros da Xunta Directiva e un Técnico-Asesor, elixida na Xunta Directiva do 11 de Setembro de 2009:

- Presidente/: Patrón Maior Confraría Sada, D. Andrés García.
 - Vicepresidente: Alcalde Paderne, D. Cesar Longo.
 - Secretario/a: Asociación Terra das Mariñas, D.Esteban Fernandez - Couto.
 - Tesoreira: Patrona Maior Confraría de Miño, Dna. María José Crespo.
 - Técnico: Xerente Programa LEADER Mariñas Betanzos, D.Jorge Blanco
- Suplentes:
- Patrona Maior da Confraría de Mugar dos, Dna. María Teresa Carnero.
 - Representante da Asociación Cultural de Mulleres “Meigas” Dna. Manuela Martínez.

A Comisión non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de polo menos 3 dos seus integrantes, titulares ou suplentes, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou do seu suplente.

A Comisión actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

Novena.- Concurso - Criterios de valoración. Máximo 25 puntos

	PUNTOS
1. FORMACIÓN (recibida ou impartida). Puntuación máxima: 15 puntos.	
□ Estar en posesión do Título Diploma de Estudos Avanzados ou Tese doutoral	3
1.A. ptos.	3
• Accións formativas ou homologadas por organismos públicos relacionadas co desenvolvemento rural e local, a dirección e xestión empresarial, os fondos europeos e as funcións específicas do posto ofertado, co seguinte baremo e ata un máximo de 5 puntos:	
1.B. ptos:	
○ Cursos de menos de 50 horas, xornadas e seminarios.	0,25
○ Cursos de menos de 150 horas, xornadas e seminarios.	0,5
○ Cursos de igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas:	0,75
○ Cursos de duración igual ou superior a 300 horas:	1,5
• Cursos impartidos ou comunicacións a congresos relacionadas co desenvolvemento rural e local, o turismo, os fondos europeos e as funcións específicas do posto ofertado, co seguinte baremo e ata un máximo de 2 puntos.:	
○ Comunicacións a congresos	0,5
○ Cursos e xornadas e seminarios.	0,25
• Publicacións relacionadas co Desenvolvemento Rural e Costeiro ata un máximo de 4 ptos:	
○ Publicacións relacionadas con Plans ou Programas de Desenvolvemento Rural e ou Costeiro	1
• Pola superación ou validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento do idioma galego (valorarase unicamente o de maior categoría) ata un 1 pto.:	
○ Curso de iniciación:	0,5
○ Curso de perfeccionamento:	1
2. EXPERIENCIA. Puntuación máxima: 10 puntos.	
• Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa xestión, de programas LEADER, PRODER ou AGADER ou calquera outro de desenvolvemento local.	0,40
2A	0,40
3. EXPERIENCIA ESPECÍFICA EN FEP. Puntuación máxima: 5 puntos.	
Por participación no deseño de proxectos ou candidaturas do eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca ou LEADER, ata 5 ptos.	
*Acreditado con contrato de traballo, ou certificación expedida polo órgano competente.	2,5

Aqueles candidatos que non acaden unha nota mínima de 15 puntos non poderán pasar á fase de Test e de entrevista.

Décima.- Test.

O temario para realización do Test no proceso selectivo da Praza de Xerente do GAC N°2, será o que vén no anexo 3.

Décima.- Proposta de contratación.

A comisión de valoración no seu caso, propondrá á Presidencia do GAC a contratación do/a aspirante que superando as fases do proceso selectivo obtivera maior cualificación total, sen que, en ningún caso, poida aprobar un número superior de aspirantes ao dos postos de traballo convocados.

Undécima.- Contrato laboral.

O/a aspirante proposto/a para a súa contratación laboral deberá presentar no prazo máximo de dous días hábiles contados dende a publicación da proposta de nomeamento no taboleiro de anuncios, a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, así como a presentación dos orixinais dos méritos.

A Presidencia, de conformidade coa proposta vinculante da comisión de selección subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato laboral co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral.

Duodécima.- Réxime xurídico.

A comisión de selección queda facultada para adoptar as decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha do proceso de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan xurdir durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases aplicarase supletoriamente a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, o Real Decreto 896/91 e o Estatuto dos Traballadores.

Para calquer dúbida ou aclaración: golfoartabro@gmail.com

Sada, 29 de setembro de 2009

Asdo.  Andrés García Boutureira

Presidente do GAC N°2 Golfo Ártabro

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN PARA A PRAZA DE XERENTE
DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA - GOLFO ÁRTABRO
(ANEXO1)**

D/Dona.....
provisto/a de DNI nº..... con enderezo en

ENDEREZO			
CP		LOCALIDADE	
CONCELLO		PROVINCIA	
TELÉFONOS:		MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO			

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Grupo de Acción Costeira - GOLFO ÁRTABRO para a provisión temporal da praza de xerencia,

DECLARO:

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e comprométome a someterme a mesmas.

E SOLICITO:

Ser admitido no proceso selectivo convocado con tal finalidade para o que achego o seguinte currículum xunto co DNI, informe de vida laboral e a documentación que proba os méritos alegados, debidamente cotexados*¹.

TITULACIÓN ACADÉMICA

TÍTULO	FACULTADE - UNIVERSIDADE	DATA EXPEDICIÓN

ESPECIALIZACIÓN RELACIONADA CO POSTO:

a.- Cursos de doutoramento.

TÍTULO	FACULTADE - UNIVERSIDADE	DATA

¹ Os documentos poderán cotexarse na Confraría de Sada presentándose os documentos orixinais.

b.- Másteres ou cursos de duración igual ou superior a 300 horas:

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

c.- Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas:

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

d.- Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

e.- Cursos de duración menos de 50 horas, xornadas e seminarios:

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

f.- Comunicacions a congresos:

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

g.- Cursos impartidos xornadas e seminarios:

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

h.- Superación ou validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento de idioma galego

TÍTULO	ENTIDADE	DATA EXPEDICIÓN

2. EXPERIENCIA LABORAL

A.- Xestión e traballos relacionados con programas de desenvolvemento rural

ENTIDADE	CATEGORÍA E FUNCÍONS POSTO DE TRABALLO	DURACIÓN CONTRATO

b.- Publicacións

ENTIDADE EDITORA	TÍTULO DA PUBLICACIÓN

3. PARTICIPACIÓN E DESEÑO DE PROXECTOS OU CANDIDATURAS DO EIXE 4 E COSTEIRA FONDO EUROPEO DE PESCA OU LEADER.

ENTIDADE	CATEGORÍA E FUNCÍONS POSTO DE TRABALLO	DURACIÓN CONTRATO

ACHÉGASE COA SOLICITUDE

DOCUMENTACIÓN ORIXINAL OU COPIA COTEXADA	SI / NON
1º.- Fotocopia do DNI	
2º.- Título ou certificado acreditativo da titulación	
3º.- Carné de conducir.	
4º.- Méritos alegados.	
5º.- Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o desempeño do posto de traballo, nin estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública, e de dispoñibilidade de vehículo propio.	

SADA, a de de 2009

Asdo. (O aspirante)

Nome e apelidos

SR. PRESIDENTE DO GAC Nº2 GOLFO ÁRTABRO

(ANEXO 2)
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....
.....provisto/a de DNI nº..... con
endereço..... en
.....nº.....
.....andar.....
C.Postal.....Localidade.....
.....
Concello.....Provincia.....Teléfono.....
.....

DECLARO:

1º.- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo.

2º.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3º.- Que dispoño de vehículo a efectos da súa utilización nos desprazamentos de traballo como xerente do GAC Nº2 Golfo Ártabro.

Sada, a de de 2009

Asdo.

SR. PRESIDENTE DO GAC Nº2 GOLFO ÁRTABRO

TEMARIO PROCESO SELECTIVO XERENTE GAC Nº2 “GOLFO ÁRTABRO”

1. PLAN ESTRATÉXICO NACIONAL 2007
2. PLAN ESTRATÉXICO ZONAL GAC Nº2 GOLFO ÁRTABRO
3. REGULAMENTO Nº1198 -2006 DO FONDO EUROPEO PESCA
4. DISPOSICIONES DE APLICACIÓN DO REGULAMENTO C.E. Nº468/2007 DO CONSEJO RELATIVO Ó FONDO EUROPEO DE PESCA
5. MODIFICACIÓN LEI DE PESCA 11/2008
6. LEI DE PESCA 11/2008
7. LEI XERAL DE SUBVENCIÓNS 38/2003
8. LEI SUBVENCIÓNS DE GALICIA 11/2007
9. REGULAMENTO LEY DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA 11/2009
10. LEI DE ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO
11. RECOMENDACIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DE 30/05/2002, SOBRE A APLICACIÓN DA XESTIÓN INTEGRADA DAS ZONAS COSTEIRAS U.E.

O temario atópase a disposición de interesados en internet.